

**PERSOAL**

MLP/egp

Ref<sup>o</sup>: 09 Anuncio convocatoria Probas físicas.doc

Asunto: Datas de realización das probas físicas

## **ANUNCIO**

### **DATA DA REALIZACIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO (PROBAS FÍSICAS) DAS PROBAS SELECTIVAS PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN E EN QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, DE ONCE PRAZAS DE BOMBEIRO CONDUTOR VACANTES NO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.**

Convócase ós aspirantes que acadaron a cualificación de APTOS na realización do 2º exercicio (test psicotécnico) das probas selectivas para a provisión, mediante concurso oposición e en quenda de consolidación de emprego temporal, de once prazas de bombeiro condutor e ó Tribunal Cualificador para a celebración do 3º exercicio (probas físicas), obrigatorio e eliminatorio, nas datas e lugares que a continuación se relacionan:

#### **1ª Xornada de probas: Luns 27 de abril de 2009**

Ás **nove horas da mañá** convócase a todos os aspirantes para a proba de natación que terá lugar na Piscina Municipal das Pedreiras. Seguidamente, unha vez concluída esta proba realizaranse as seguintes:

- Levantamento de pesos (“press de banca”), no Ximnasio Pistas de Atletismo Gregorio Pérez Rivera.
- Salto de lonxitude con carreira, nas Pistas de Atletismo Gregorio Pérez Rivera.
- Percorrer a distancia de 200 metros, nas Pistas de Atletismo Gregorio Pérez Rivera. Esta proba será controlada polo método de “Foto finish” a cargo da Delegación Lucense da Federación de Atletismo.

#### **2ª Xornada de probas: Martes 28 de abril de 2009**

Ás **nove horas da mañá** convócase a todos os aspirantes que superaron as probas realizadas no día anterior para a proba de socorrismo que terá lugar na Piscina Municipal de Frigsa (profundidade e boneco). Seguidamente, unha vez concluída esta proba realizaranse as seguintes:

- Ascenso por corda, no Ximnasio Piscina Municipal de As Pedreiras.
- Salto de altura, no Ximnasio Piscina Municipal de As Pedreiras.

**PERSOAL**

MLP/egp

Refº: 09 Anuncio convocatoria Probas físicas.doc

Asunto: Datas de realización das probas físicas

- Proba de fondo, nas Pistas de Atletismo Gregorio Pérez Rivera. Esta proba será controlada mediante Chips e alfombras de cronometraxe.

Segundo o establecido nas Base Séptima, letra C), das Bases Específicas para o acceso en propiedade a once prazas de Bombeiros condutores pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, as probas serán todas de carácter eliminatorio, e non poderá pasar ningún aspirante á seguinte proba sen ter realizado o tempo mínimo nalgunha das devanditas probas.

A orde de actuación dos aspirantes iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “Ñ”. No suposto de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra “Ñ” a orde de actuación iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “O” e así sucesivamente. (BOP nº 207, do 8 de setembro de 2008).

Actuará como asesor do Tribunal Don Gonzalo Pereira Ferreiro, Licenciado en Educación Física.

Lugo, 17 de abril de 2009  
A PRESIDENTA DO TRIBUNAL,

Asdo.: Marta López Peña

- TABOLEIRO DE ANUNCIOS